



ANEXO III: PLAN DE CONTINXENCIA

O Plan de Continxencia do centro educativo **IES Frei Martín Sarmiento** ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocáraselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houbese cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.



6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada grupo.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:
 - a. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
 - b. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poner tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
2. O **equipo COVID do centro identificará a través das titorías** ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.



3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
4. Durante **o período de suspensión da actividade** presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas, co obxectivo de que as aulas virtuais do profesorado suban contidos en paralelo ao que se está impartindo na aula.
 - a. Continuación da actividade lectiva a través da aula virtual que deberá estar plenamente funcionando logo da formación ofrecida ao profesorado. Consultar o anexo I (proxecto de aula virtual)
 - b. Esta ensinanza a distancia deberá ofrecerse ao alumnado que deba permanecer en cuarentena preventiva tanto de xeito individual ou ben en grupo. As familias teñen acceso a través da web do documento no que se explica o proxecto de aula virtual para o alumnado (consultar o anexo II).

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

Os documentos contidos nos Anexos I e II teñen o obxectivo de minimizar a diferenza entre a ensinanza presencial e a distancia, nos supostos de suspensión da actividade lectiva de xeito presencial tanto en supostos de cuarentena individual como grupal. O reinicio da actividade lectiva presencial debe continuar co impartido a través das aulas virtuais.

HORARIOS ESPELLO: DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA VIRTUAL.

Nos supostos de peches de aulas por decisión das autoridade sanitarias, cómpre seguir os horarios espello contidos no seguinte documento e as normas que os rexen.

1. O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo e o alumnado do grupo deberán conectarse a través de webex, á hora sinalada nos horarios espello que coincidirán cos horarios lectivos da ensinanza presencial coas diferenzas sinaladas a continuación
2. As materias ou módulos con duración semanal de unha e dúas horas terán unha ensinanza virtual do 60% de cada sesión (30 minutos), sendo a hora de comezo a marcada como inicio do horario espello e a de remate vinte minutos antes da sinalada no horario. Do mesmo xeito, as materias e módulos que manteñan todas as sesións lectivas garantirán o 60% do ensino virtual, sendo sempre a hora de comezo a marcada no horario correspondente.
3. Respetaranse os períodos de lecer marcados nos horarios.



4. Todo o profesorado manterá a súa hora de atención a alumnado e/ou familias, no que se conectará vía webex, sempre que sexa solicitado con antelación por correo electrónico.
5. Os grupos con sesións de tutoría presencial manterán a mesma, garantindo unha duración mínima do 60% (30 minutos).
6. O 40% das sesións lectivas restante non correspondente a ensino virtual desenvolverase a través de tarefas guiadas polos docentes e contidas nos correspondentes cursos creados desde comezo de curso nas aulas virtuais.